



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de MAIO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(357).- APROBACIÓN ACTAS. Rectifícase o erro na data da orde do día e apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de maio de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(358).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO XESTOR DOCUMENTAL (ALFRESCO). EXPTE. 10593/113.

Visto o informe xurídico de data 13/05/2025 e o informe de fiscalización do 15/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/05/2025, asinado

polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 20/01/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, inicia o expediente coa finalidade da contratación do servizo de mantemento do servidor documental Alfresco.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 07/01/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 24/02/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 09/04/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación e da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 15/04/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/05/2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 20/01/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, tramítase como un contrato mixto, de subministro e servizos (porcentaxe 82,44% e 17,56%, respectivamente).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento do servidor documental Alfresco, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 07/01/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 24/02/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 09/04/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación e da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 15/04/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/05/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **42.307,08 €**, que inclúe un I.V.E. de **7.342,55 €**, dende o 1 de xuño de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2025	Mantemento Software	9207.2279902	34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €
Total			34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **84.614,16 €**, que inclúe un I.V.E. de **14.685,10 €**, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2026	Mantemento Software	9207.2279902	34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €
Total			69.929,06 €	14.685,10 €	84.614,16 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(359).- RENUNCIA Á CONCESIÓN DO POSTO F01 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 11015/106.

Visto o informe xurídico de data 14/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/05/2025, asinado polo técnico medio en Topografía, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado pola concelleira-delegada de Comercio e polo concelleiro da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 14 de setembro de 2009, acordou outorgar a María Teresa Collazo Mayor, NIF ****9711>> a concesión de dominio sobor do posto denominado F01 (F11), florería no Mercado do Progreso.
- 2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 25/04/2025, doc. 250095307, a concesionaria comunicou a renuncia ao posto con efectos dende o 15/04/2025
- 3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e

extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interese ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 , para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor destes.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto F01 (F11) florería no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobor do posto F01 (F11), ata a data 01 de xullo de 2040, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. María Teresa Collazo Mayor por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/09/2009 e. en consecuencia. outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia F01 (F11) florería, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

Advertir que a renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio na data 14/09/2009, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados Dna. María Teresa Collazo Mayor e a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(360).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA FAUNA E DAS INSTALACIÓNS E REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS DO EXOTARIUM EN VIGONATURE. EXPTE. 12701/612.

Visto o informe de fiscalización de data 16/05/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 15/05/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do exotarium en VigoNature (12701-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do exotarium en VigoNature (12701-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature (exp.12701-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Conservador de VigoNature con data 11/12/24 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 06/03/25.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 74.277,08 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (12.891,53 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.01 “Reptilario”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 2 de maio de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do exotarium en VigoNature (12701-612) na seguinte orde descendente:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

	Licitador	Puntuación total
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	94,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 3. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, o día 2 de maio de 2025, que presenta a documentación requirida os días 6 e 8 de maio de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O seu DNI como empresario individual.
- O certificado positivo de obrigas tributarias da ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (51.993,96 €), presenta o Modelo 130 da declaración de actividades económicas do ano 2024 nas que o importe do volume de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (51.993,96 €), figura no expediente certificado de boa execución no que o importe do ano 2024 supera esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe de 3.069,20 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 15 de maio de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,

sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DIEGO BALLESTEROS PEINADO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DIEGO BALLESTEROS PEINADO, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 21 de abril de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 24 de abril de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DIEGO BALLESTEROS PEINADO o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do exotarium en VigoNature (12701-612) por un prezo total do contrato de 74.274,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.890,64 euros e coas seguintes condicións:

- a) O prezo total da parte fixa do contrato é de 64.274,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.155,10 euros.*
- b) O prezo total da parte variable do contrato é de 10.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.736,00 euros.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- c) *A porcentaxe única de desconto a aplica ao prezo unitario previsto no apartado 3.G) do Anexo I -FEC- do PCAP, para a parte variable do contrato é de 0 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(361).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3896/321.

Visto o informe de fiscalización de data 13/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/05/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira da Área de Goberno e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 21 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321).

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión do 13 de agosto de 2024 tomou razón da Resolución nº 116/2024 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 103/2024, pola que se estima o recurso interposto por COMBINA SOCIAL, S.L.U. contra os pregos.

Terceiro.- Na sesión do 13 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno local aprobou un novo expediente de contratación para os servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321).

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 21 de febreiro de 2025, acordou adxudicar este contrato a COMBINA SOCIAL, SL por un prezo total do contrato de 341.548,24 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.276,97 euros e coas seguintes condicións:

- a) “O prezo da parte fixa do contrato é de 312.493,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 54.234,45 euros.
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da parte variable do apartado 3.G da FEC é do 27%.
- c) Comprométese a realizar campañas de difusión e fomento da participación cidadá activa:
 - Campañas en medios offline (radio, televisión ou prensa local) para dar a coñecer as instalacións dos CMD e as actividades que desenvolven, atendendo á súa periodicidade:
 - Mensuais.
 - Campañas en medios online (Facebook ADS, Twitter ou YouTube...) para dar a coñecer as instalacións dos CMD e as actividades que desenvolven, atendendo á súa periodicidade:
 - Semanais.
 - Catro (4) xornadas informativas organizadas anualmente de xeito presencial dirixidas aos colectivos e asociacións da cidade para dar a coñecer e fomentar a participación activa nos Centros Municipais de Distrito.
 - Catro (4) xornadas informativas organizadas anualmente de xeito presencial dirixidas aos centros educativos da cidade para dar a coñecer e fomentar a participación activa nos Centros Municipais de Distrito”.

Quinto.- O contrato formalizouse o día 18 de marzo de 2025, iniciándose a execución o mesmo día, por un prazo de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Sexto.- O 7 de maio de 2025 a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, responsable do contrato, coa conformidade do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e da quinta tenente de alcalde e concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da *"necesidade de apertura do novo Centro Municipal de Distrito do Pazo da Raposeira"* (3.896-321).

Sétimo.- Con data 8 de maio de 2025 a concelleira da Área de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista ao día seguinte.

Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, D^a. Raquel Alvite Tuñas, en representación da empresa COMBINA SOCIAL, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 9 de maio de 2025 (documento nº 250108722).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321) asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 4 de setembro de 2024 e aprobado na Xunta de Goberno local do 13 de setembro
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321) asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 6 de maio de 2024 e aprobado na Xunta de Goberno local do 13 de setembro

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 1.5 e 35 e no apartado 15 das Follas de especificacións do contrato do Anexo I (FEC) do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido á *“necesidade de apertura de novos Centros Municipais de Distrito que demande a veciñanza noutros barrios da cidade, que deban incluírse no presente contrato”* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar *“orçamento máximo da parte fixa”* (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20% do prezo total da parte fixa do contrato (apartado 15.D da FEC) e como especialidades, a seguinte: *“para o cálculo da modificación teranse en conta os prezos unitarios previstos neste contrato aos que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario”*.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

A modificación obxecto deste informe vén motivada necesidade de incorporar no obxecto deste contrato o novo Centro Municipal de Distrito do Pazo da Raposeira. Informan ao respecto a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, coa conformidade do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e da quinta tenente de alcalde e concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, na data 7 de maio de 2025 o seguinte:

*“[...] **IV.** A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de apertura do novo Centro Municipal de Distrito do Pazo da Raposeira, que debe incluírse no presente contrato. O horario ordinario de apertura sería de luns a venres: 9h a 13h e 16 a 20h, o que supón un incremento respecto da estimación da prestación de servizos fixos durante o horario de apertura dos Centros Municipais de Distrito segundo o establecido no PPT de **40 horas semanais** e de **2.080 horas anuais**.*

***V.** O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP recolle os prezos unitarios (con IVE) que serán de aplicación no suposto de modificación do contrato.*

A) PREZOS UNITARIOS (con IVE):

Prezo hora ordinaria	16,14 €
Prezo hora nocturna	21,79 €
Prezo hora domingo/festivo	22,42 €

***VI.** O cálculo do valor económico da modificación farase aplicando o incremento do número de horas polo prezo unitario correspondente, segundo o previsto no apartado 3.G) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC:*

· Estímase necesaria a apertura de luns a venres: 9h a 13h e de 16 a 20h, o que implica un incremento de 40h semanais.

A oferta da entidade adxudicataria supón unha baixa do 25,34 % sobre o orzamento inicial da parte fixa, aplicando esta porcentaxe de baixa ao prezo unitario correspondente á hora ordinaria:

	Prezo Unitario €/hora	Baixa adxudicación parte fixa	Prezo Unitario Vixente €/hora
Prezo hora ordinaria	16,14 €	25,34%	12,05 €

A determinación do prezo total da ampliación quedará definida pola condición dos prazos de inicio da modificación do contrato, estimándose o seu inicio o vindeiro 02/06/2025 ata fin do contrato (17/03/2027), seguindo o mesmo criterio empregado para o cálculo do prezo do contrato:

	horario	Horas mañás	Horas tardes	Total horas semanais	Total horas anuais (52 semanas completas)	Total horas da modificación do contrato (92 semanas completas*)
CMD Pazo Raposeira	- luns a venres: 9h a 13h e 16 a 20h	4	4	40	2080	3680

* 2025 = 30; 2026= 52; 2027 = 10

Incremento horas ata fin de contrato	Prezo Unitario Vixente €/hora ordinaria	Importe modificación total (do 02/06/25 a 17/03/27)	Porcentaxe
3680	12,05 €	44.344,00 €	14,19

O importe económico total da modificación que se solicita motivada no presente informe de necesidade ascendería a **44.344,00 €** - estimándose o seu inicio o vindeiro 02/06/2025 ata fin do contrato (17/03/2027) - o que supón unha porcentaxe do **14,19%** do prezo total da parte fixa do contrato (312.493,71 €), dentro do límite do 20 % establecido no PCA, que se financiará con cargo á aplicación 9240 2279904 ("AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS") do orzamento do Concello de Vigo do seguinte xeito:

Anualidades	
Ano 2025	
02 de xuño a decembro	14.437,58 €
Ano 2026	
Xaneiro a decembro	24.750,14 €
Ano 2027	
Xaneiro a 17 de marzo	5.156,28 €
	total
	44.344,00 €

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada pola necesidade de incorporar no obxecto deste contrato o novo Centro Municipal de Distrito do Pazo da Raposeira.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Estamos, pois, ante un suposto de modificación prevista, comprendida no suposto contemplado no apartado 15C do Anexo I -FEC- do PCAP (*"necesidade de apertura de novos Centros Municipais de Distrito que demande a veciñanza noutros barrios da cidade, que deban incluírse no presente contrato"*).

- Supón a ampliación do obxecto do contrato previsto no apartado 2A da FEC para a incorporación dun novo centro municipal de distrito, o centro municipal de distrito do Pazo da Raposeira e, en consecuencia, un incremento do orzamento da parte fixa do contrato por importe de 44.344,00 euros que representa un 14,19%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20% do prezo total da parte fixa do contrato, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque se trata dunha modificación prevista no PCAP (en calquera caso o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros). Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, D^a. Raquel Alvite Tuñas, en representación da empresa COMBINA SOCIAL, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 9 de maio de 2025 (documento nº 250108722). Consta o poder de representación no expediente 3.891-321.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o fomento do asociacionismo e da participación da cidadanía na vida pública local, garantindo o dereito dos veciños a utilizar os servizos públicos municipais

(artigo 18.1c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local -LBRL-) e a promoción da cultura, equipamentos culturais e tempo libre (artigos 25.2.l e 25.2.m da LBRL e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia).

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 44.344,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9240.2279904 "AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS", coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
<i>Ano 2025 (do 02.06.25 ao 31.12.25)</i>	<i>14.437,58 euros</i>
<i>Ano 2026</i>	<i>24.750,14 euros</i>
<i>Ano 2027 (do 01.01.27 ao 17.03.27)</i>	<i>5.156,28 euros</i>
Total	44.344,00 euros

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (191.4 LCSP e 52 da LBRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) y b) do apartado 2 do artigo 205, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

No entanto, tal e como se indica no apartado 9C das FEC, neste contrato non se esixiu garantía definitiva por tratarse dun contrato reservado ao abeiro do disposto no punto 3 da disposición adicional 4ª da LCSP (*"Nos procedementos de contratación nos que se aplique a reserva que establece esta disposición adicional non procederá a esixencia da garantía definitiva a que se refire o artigo 107 desta Lei, agás nos casos nos que o órgano de contratación, por motivos excepcionais, o considere necesario e así o xustifique motivadamente no expediente"*).

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (*"As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación"*).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais.

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.891-321), segundo o solicitado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (responsable do contrato) mediante informe do 7 de maio 2025, conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e da quinta tenente de alcalde e concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Trátase dunha modificación prevista que consiste na ampliación do obxecto do contrato previsto no apartado 2A da FEC do PCAP para a incorporación dun novo centro municipal de distrito, o centro municipal de distrito do Pazo da Raposeira

Supón un incremento do orzamento da parte fixa do contrato de 44.344,00 euros (IVE incluído).

2º.- O importe da modificación aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 9240.2279904 “AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS”, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
Ano 2025 (do 02.06.25 ao 31.12.25)	14.437,58 euros
Ano 2026	24.750,14 euros
Ano 2027 (do 01.01.27 ao 17.03.27)	5.156,28 euros
Total	44.344,00 euros



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

3º.- Notificar este acordo a COMBINA SOCIAL, S.L., informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

4º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

5º.- Comunicar ao Consello de Contas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(362).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA (EMD). EXPTE. 98457/332.

Visto o informe xurídico do 14/05/2025 e o informe de fiscalización do 16/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/05/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 7 de febreiro de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo (EMD).

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 07/02/2025.

- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 07/02/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada polo técnico superior, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 27/02/2025.
- Documentos contables RC 20259 e RCFUT 20260, por importes de 29.453,32 e 629.500,64 euros respectivamente, de data 03/03/2025.
- Anuncio previo na Plataforma de Contratación do Sector Público, de data 24/03/2025, no que se solicita publicación no Diario Oficial da Unión Europea.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 21/04/2025, modificado en data 12/05/2025, redactado polo técnico superior e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada polo técnico superior e pola xefa do Servizo de Educación en data 12/05/2025.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 12/05/2025.
- Informe de 12/05/2025 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/05/2025 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Servizos para a xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación en danza e percusión tradicional que o Concello de Vigo promove a través da Escola Municipal de Danza.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 4 (catro) anos e unha posible prórroga, cunha duración dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 164.738,49 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.9926 “Escola municipal de danza” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo (EMD).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 21/04/2025, modificado o 12/05/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/05/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 658.953,96 euros (exento de IVE), para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3260.227.9926 "Escola municipal de danza", e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- 29.453,32 euros correspondentes ao ano 2025;
- 164.738,49 euros correspondentes ao ano 2026;
- 164.738,49 euros correspondentes ao ano 2027;
- 164.738,49 euros correspondentes ao ano 2028;
- e 135.285,17 euros correspondentes ao ano 2029.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(363).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2024/2025 OU DO ANO 2025 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA CORRESPONDA CO ANO NATURAL. EXPTE. 13678/224.

Visto o informe xurídico de data 08/05/2025 e o informe de fiscalización do 16/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2025, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licenzas femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social ou delegación en Vigo, contén con personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os demais requisitos establecidos nas bases reguladoras, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na

tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo.

O “Anuario de estadísticas deportivas 2024”, que é unha publicación editada en maio do ano 2024, elaborada pola Subdirección Xeral de Estatística e Estudos da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, recolle unha selección dos resultados estatísticos máis relevantes do ámbito deportivo e está elaborado a partir das múltiples fontes estatísticas dispoñibles, co fin de ser unha ferramenta útil para o coñecemento da situación do sector deportivo en España e a súa evolución. Estes son algúns dos resultados máis significativos desta publicación:

- A Enquisa de Hábitos Deportivos en España 2022, pertencente ao Plan Estatístico Nacional 2021-2024, levada a cabo polo Ministerio xunto ao Consello Superior de Deportes, coa colaboración do Instituto Nacional de Estatística, mostra que a práctica deportiva continúa sendo superior nos homes con respecto ás mulleres, independentemente da frecuencia, situándose en términos anuais en 63,1% e 51,8%, respectivamente.

Segundo os datos da Enquisa de Hábitos Deportivos do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) de marzo de 2024, persiste esta diferenza entre homes e mulleres en canto á práctica deportiva en España (5,1 puntos porcentuais).

- Tendo en conta os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa do ano 2023, estatística oficial pertencente ao Plan Estatístico Nacional elaborada polo Instituto Nacional de Estatística, sobre o emprego vinculado ao deporte, tamén se observan diferenzas significativas por sexo entre o emprego vinculado ao ámbito deportivo e o emprego total: no emprego vinculado ao deporte, o 60,1% son homes e o 39,9 % son mulleres, e no conxunto do emprego, o 53,7% son homes e o 46,3% son mulleres.

A Enquisa de Poboación Activa do ano 2024 mostra que persisten esas diferenzas por sexo entre o emprego vinculado ao deporte e o emprego total: o 59,8% do em-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

prego no ámbito deportivo corresponde a homes e o 40,2 % a mulleres, no emprego total as porcentaxes son de un 53,6% de homes e un 46,4 % de mulleres.

- Segundo a información procedente da Estatística de Deporte Federado, elaborada polo Consello Superior de Deportes coa colaboración da Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do departamento ministerial, aprécianse tamén notables diferencias ao consultar os datos desagregados por sexo: o 75,2% das licenzas federadas corresponden a homes e o 24,8% a mulleres. No que respecta ás/aos deportistas de alto nivel, do total de 5.781, 3.482 son homes, isto é o 60,2%, mentres que só 2.299 deportistas de alto nivel son mulleres (o 39,8%).

As diferencias no deporte federado en Galicia non son diferentes: segundo o Instituto Galego de Estatística, no ano 2023, do total de 309.556 licenzas, 230.310 son homes (74,4%) e 79.246 son mulleres (25,6%).

Os datos que reflicten a participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade de Vigo son semellantes, en termos porcentuais, aos de Galicia e de España. Segundo datos obtidos do “Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025”, podemos destacar que, do total de licenzas coas que contan os clubs deportivos que se presentaron á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen fins de lucro do ano 2024 do Concello de Vigo (23.399 licenzas), tan só o 25,6% pertencen a mulleres ou nenas.

- Os resultados obtidos da Estatística de Formación de Adestradoras/es Deportivas/os elaborada polo Consello Superior de Deportes, coa colaboración das federacións deportivas e das comunidades e cidades autónomas, indican que, durante o ano 2022, o 68,5% dos homes adestradores formáronse no ámbito estritamente federativo, mentres que no caso das mulleres adestradoras a porcentaxe foi de un 37,9%.

A porcentaxe de mulleres que comezan a facer deporte antes dos 15 anos é de 55,30% fronte ao 73,50% de homes, o que revela que existe tamén unha brecha de xénero na idade de inicio da práctica deportiva. Ademais, as nenas, a partir dos doce anos, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que as realizadas por mulleres. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competi-

cións femininas, limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licenzas femininas e, por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Estes datos mostran que non se trata dunha situación puntual ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade, que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes no ámbito deportivo e avalan a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres na práctica deportiva.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción do deporte e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

Na mesma liña, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón, no seu artigo 80.2, que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, nas materias de actividades deportivas e de execución de programas propios destinados á muller.

Pola súa banda, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, tamén fai referencia ao ámbito do deporte. Así, o seu artigo 29 establece que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia que, no seu capítulo X, adicado as actividades culturais, artísticas, deportivas e de ocio, regula a promoción da igualdade no deporte en aras de fomentar o deporte feminino e para erradicar as actitudes machistas; e a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que, no seu artigo 3.b), establece como principio reitor *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha”* e, no artigo 5.3, dispón que *“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”*.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específicas, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse este importe a 45.000 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2024, 82 entidades deportivas viguesas beneficiáronse desta liña de subvencións.

Neste exercicio 2025, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 45.000,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica “4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero”, cuxos obxectivos, entre outros, son:

- Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
- Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, posto que fomentan o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres e nenas no deporte mediante o apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas ou, no caso de deporte adaptado, 1 licenza feminina.

As bases reguladoras destas subvencións non obrigan a xustificar as axudas concedidas coa acreditación do pagamento dos xustificantes dos gastos. Isto ven motivado, por unha banda, pola escasa contía das axudas que se conceden ao abeiro desta convocatoria e, por outra banda, pola insuficiente capacidade económica da maioría das entidades sen ánimo

de lucro que concorren. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións, excepción que se establece na base 15ª das bases reguladoras desta convocatoria.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrència, obxectividade e transparencia.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria destas subvencións é a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural e os seus anexos I a VII, incorporados ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións en base ao establecido na Resolución do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros), que se imputará á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas, e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo.

O “Anuario de estadísticas deportivas 2024”, que é unha publicación editada en maio do ano 2024, elaborada pola Subdirección Xeral de Estatística e Estudos da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, recolle unha selección dos resultados estatísticos máis relevantes do ámbito deportivo e está elaborado a partir das múltiples fontes estatísticas dispoñibles, co fin de ser unha ferramenta útil para o coñecemento da situación do sector deportivo en España e a súa evolución. Estes son algúns dos resultados máis significativos desta publicación:

- A Enquisa de Hábitos Deportivos en España 2022, pertencente ao Plan Estatístico Nacional 2021-2024, levada a cabo polo Ministerio xunto ao Consello Superior de Deportes, coa colaboración do Instituto Nacional de Estatística, mostra que a práctica deportiva continúa sendo superior nos homes con respecto ás mulleres, indepen-

dentemente da frecuencia, situándose en términos anuais en 63,1% e 51,8%, respectivamente.

Segundo os datos da Enquisa de Hábitos Deportivos do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) de marzo de 2024, persiste esta diferenza entre homes e mulleres en canto á práctica deportiva en España (5,1 puntos porcentuais).

- Tendo en conta os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa do ano 2023, estatística oficial pertencente ao Plan Estatístico Nacional elaborada polo Instituto Nacional de Estadística, sobre o emprego vinculado ao deporte, tamén se observan diferenzas significativas por sexo entre o emprego vinculado ao ámbito deportivo e o emprego total: no emprego vinculado ao deporte, o 60,1% son homes e o 39,9 % son mulleres, e no conxunto do emprego, o 53,7% son homes e o 46,3% son mulleres.

A Enquisa de Poboación Activa do ano 2024 mostra que persisten esas diferenzas por sexo entre o emprego vinculado ao deporte e o emprego total: o 59,8% do emprego no ámbito deportivo corresponde a homes e o 40,2 % a mulleres, no emprego total as porcentaxes son de un 53,6% de homes e un 46,4 % de mulleres.

- Segundo a información procedente da Estatística de Deporte Federado, elaborada polo Consello Superior de Deportes coa colaboración da Subdirección Xeral de Estadística e Estudos do departamento ministerial, aprécianse tamén notables diferenzas ao consultar os datos desagregados por sexo: o 75,2% das licenzas federadas corresponden a homes e o 24,8% a mulleres. No que respecta ás/aos deportistas de alto nivel, do total de 5.781, 3.482 son homes, isto é o 60,2%, mentres que só 2.299 deportistas de alto nivel son mulleres (o 39,8%).

As diferenzas no deporte federado en Galicia non son diferentes: segundo o Instituto Galego de Estadística, no ano 2023, do total de 309.556 licenzas, 230.310 son homes (74,4%) e 79.246 son mulleres (25,6%).

Os datos que reflicten a participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade de Vigo son semellantes, en termos porcentuais, aos de Galicia e de España. Segundo datos obtidos do “Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025”, podemos destacar que, do total de licenzas coas que contan os clubs deportivos que se presentaron á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen fins de lucro do ano 2024 do Concello de Vigo (23.399 licenzas), tan só o 25,6% pertencen a mulleres ou nenas.

- Os resultados obtidos da Estatística de Formación de Adestradoras/es Deportivas/os elaborada polo Consello Superior de Deportes, coa colaboración das federacións deportivas e das comunidades e cidades autónomas, indican que, durante o ano 2022, o 68,5% dos homes adestradores formáronse no ámbito estritamente federativo, mentres que no caso das mulleres adestradoras a porcentaxe foi de un 37,9%.

A porcentaxe de mulleres que comezan a facer deporte antes dos 15 anos é de 55,30% fronte ao 73,50% de homes, o que revela que existe tamén unha brecha de xénero na idade de inicio da práctica deportiva. Ademais, as nenas, a partir dos doce anos, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre nou-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

tros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que as realizadas por mulleres. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas, limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licenzas femininas e, por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Estes datos mostran que non se trata dunha situación puntual ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade, que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes no ámbito deportivo e avalan a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres na práctica deportiva.

II

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción do deporte e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

Na mesma liña, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón, no seu artigo 80.2, que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, nas materias de actividades deportivas e de execución de programas propios destinados á muller.

Pola súa banda, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, tamén fai referencia ao ámbito do deporte. Así, o seu artigo 29 establece que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia que, no seu capítulo X, adicado as actividades culturais, artísticas, deportivas e de ocio, regula a promoción da igualdade no deporte en aras de fomentar o deporte feminino e para erradicar as actitudes machistas, e a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que, no seu artigo 3.b), establece como principio reitor “*o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha*” e, no artigo 5.3, dispón que “*no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta*”.

III

Por todo o exposto, o Concello de Vigo quere promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específicas, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse este importe a 45.000,00 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2024, 82 clubs vigueses beneficiáronse desta liña de subvencións.

Neste exercicio 2025, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 45.000,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica “4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero”, cuxos obxectivos, entre outros, son:

- Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
- Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas competicións das distintas modalidades deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, posto que fomentan o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres e nenas no deporte mediante o apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas ou, no caso de deporte adaptado, 1 licenza feminina.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións teñen por obxecto promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase na contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso de que se xustifique a subvención con gastos de comidas, a factura deberá concretar o menú, prezo por menú e prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitraxes de competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios e gastos do persoal técnico e adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo.

- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A tempada 2024/2025 ou 2025 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese gasto fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará, nese caso, información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada. Os gastos de comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) só serán subvencionables cando se xustifique a súa necesidade por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación e se concrete o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

O órgano instrutor poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración das actividades das entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En ningún caso o importe total das subvencións e axudas percibidas de distintas entidades públicas e privadas poderá superar o custo da actividade subvencionada. Conforme ao artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando se produza exceso das subvenciones percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade, e as ditas subvencións foran compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos intereses de demora. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Cando sexa a Administración a que advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso, hasta o límite da subvención outorgada por ela.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo e coa Facenda pública estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11^a.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.

c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declarararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 6 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria nesta convocatoria non supera o importe de 1.500 euros, as solicitantes acreditarán que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de forma simplificada mediante unha declaración responsable de acordo co disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006. Esta declaración responsable está incluída no punto 5 do anexo IV da solicitude.

5.- Igualmente, as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan ao órgano instructor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativos de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal na actividade subvencionada coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

As entidades beneficiarias deben dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da actividade subvencionada (artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Tanto nos actos públicos como en todo o material de difusión que se elabore, incluídas notas de prensa e formatos específicos para redes sociais, debe facerse mención expresa da colaboración do Concello de Vigo facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, o logotipo do Concello de Vigo. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude e da documentación presentada, baixo a persoal responsabilidade da/s persoa/s que as subscriba/n.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Con-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

tas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. En particular, deberán prestar a colaboración requirida polas entidades encargadas polo Concello de elaborar auditorías e informes, atendendo aos seus requirimentos e achegando a documentación complementaria solicitada. As beneficiarias deberán dispoñer dun control dos ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionada.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades subvencionadas.

7.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades, así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.

8.- Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización das actividades subvencionadas.

9.- Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade subvencionada que permita dar cumprimento aos requisitos de información de realización e de resultados previstos nestas bases. As entidades beneficiarias deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información necesaria sobre as mulleres e nenas deportistas participantes en cada acción e os resultados obtidos, que deberán incluír na Memoria final que se achegue para xustificar a subvención concedida.

10.- Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, así como calquera outra modificación das circunstancias que no seu día foron tidas en conta para a concesión da subvención, e dos compromisos e obrigas asumidos polas beneficiarias. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

11.- Cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto, o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

As entidades beneficiarias serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, para o cal solicitarán o seu consentimento explícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

12.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado na base quinta, a Comisión de Avaliación valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2024-2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 1.1 e 1.2, calcularase a puntuación que corresponda a cada modalidade e logo sumarase para acadar a puntuación total do apartado 1, co límite máximo de 16 puntos.

2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas da entidade na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 2.1 e 2.2, calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación para cada modalidade deportiva e despois sumarase para acadar a puntuación total do apartado 2, co límite máximo de 5 puntos.

A documentación que se terá en conta para facer o recuento de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o anexo II cuberto e asinado pola federación correspondente.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto

- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

A contía da axuda concedida a cada beneficiaria determinarase en función da dispoñibilidade orzamentaria (45.000,00 euros), o importe solicitado e a puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración definidos nestas bases.

O crédito orzamentario da convocatoria dividirase entre a suma dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos.

Establécese a contía de 200 euros como contía mínima da subvención a conceder. As entidades que, pola súa puntuación, non acaden unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas.

Establécese a contía de 1.500 euros como contía máxima da subvención a conceder. Por conseguinte, as entidades que, pola súa puntuación, acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

No caso de quedar crédito libre, este repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos obtidos, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada pola entidade.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Nesta convocatoria, cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada electronicamente pola presidencia da entidade e reunir os requisitos esixidos nestas bases.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda (art. 68.4 LPAC).

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes. A Comisión de Avaliación non valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo e propondrá a súa denegación ao órgano competente.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Para poder optar ás axudas reguladas por estas bases, as entidades deberán achegar en prazo a seguinte documentación obrigatoria:

1.- ANEXO I SOLICITUDE, asinado electronicamente pola presidencia da entidade.

Neste anexo, a entidade indicará a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. No caso de solicitar a axuda para varias modalidades deportivas, indicarse cada

unha delas, non considerando como tales as distintas especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva.

A estes efectos, terase en conta o establecido no artigo 17 apartados 2 e 3 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que establecen, respectivamente, que se entende por “modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra”, e “por especialidade deportiva aquela práctica deportiva que, pese a non reunir os requisitos para ser considerada modalidade deportiva, ten singularidade na súa práctica, aínda que vinculada ou organizada dentro dunha modalidade deportiva tanto por razóns históricas da súa práctica como pola existencia dun elemento de práctica común a todas elas”.

Segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, “excepto no ámbito dos deportes autóctonos da Comunidade Autónoma, no que se poderán agrupar diferentes modalidades deportivas nunha única federación, só se poderá recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva” (art. 51.5º). Polo tanto, a entidade que solicite a subvención para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas. Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

2.- ANEXO II CERTIFICADO DA FEDERACIÓN, asinado pola secretaría e pola presidencia da federación.

A entidade deberá presentar un anexo II cuberto e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

3.- ANEXO III ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS para o período de referencia (tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural), asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente) da entidade solicitante.

O órgano encargado da verificación das xustificacións presentadas polas entidades deportivas beneficiarias terá en conta o orzamento que se reflicta neste anexo, procedéndose a minorar a contía da subvención concedida cando se xustifique un gasto na tempada de referencia inferior ao 100% do orzamento indicado neste anexo. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

4.- ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE, asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente) da entidade solicitante. Con ela acreditaranse, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade.
- Outras axudas solicitadas ou concedidas na tempada de referencia.
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social.
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.- ANEXO V CERTIFICADO DA COMPOSICIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA, emitido pola secretaría da entidade, e asinado electronicamente pola presidencia, onde conste a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.

6.- CIF da entidade solicitante.

7.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2025.

8.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

9.- Memoria das actividades que desenvolva a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino. Esta memoria deberá incluír: descrición xeral da entidade, número de equipos por categoría e sexo, relación das competicións nas que participa cada un dos equipos con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais e logros acadados, actuacións que a entidade leva a cabo orientadas á igualdade e valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva.

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da entidade interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O Servizo de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como

que se complemente a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte o artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS dará traslado ao BOPPO do extracto da convocatoria para a súa publicación, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

As bases reguladoras e a convocatoria, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nas comunicacións e no desenvolvemento das actividades subvencionadas, facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes (equipamento, web, redes sociais, publicidade, etc.), o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade encargarse da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O órgano instrutor poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento das solicitudes presentadas a esta convocatoria.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta Comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención presentadas de conformidade co disposto na base sétima.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión emitirá un informe relacionando as entidades solicitantes, indicando a puntuación asignada a cada unha delas de xeito motivado, e levantará unha acta que reflecta as deliberacións e acordos da Comisión.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, en base ao informe da Comisión, formulará a proposta de resolución de concesión e denegación das subvencións solicitadas, que será elevada á Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación de solicitudes (artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)). A resolución notificarase ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da LPAC. Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, a notificación poderá substituírse pola publicación da resolución na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación da subvención no prazo máximo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación da concesión. A falta de manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

A beneficiaria poderá renunciar á subvención concedida por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención deberá documentarse na conta xustificativa do gasto realizado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria na que se deben incluír, baixo responsabilidade da declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

1.- *Prazo de xustificación*

As beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o **15 de outubro de 2025** (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que xustificación fora defectuosa e/ou incompleta, concederáse á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC, procederáse á revogación da subvención concedida e, no seu caso, á esixencia de reintegro da contía percibida e dos xuros de demora.

Se a entidade beneficiaria non presentase a xustificación da subvención concedida dentro do prazo establecido, actuarase segundo establece o artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada.

2.- *Cantidade a xustificar*

A entidade beneficiaria deberá presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe total que non poderá ser inferior á contía da subvención concedida.

Ademais, deberá xustificar o gasto total da entidade na tempada de referencia mediante unha das seguintes opcións:

- a) Certificación que acredite que o gasto total da entidade na tempada de referencia foi de € (punto 3 do anexo VI), ou
- b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

Terase en conta como importe xustificativo a base imponible das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de presentar a declaración do IVE ou que se declare no anexo VI (punto 8) que o importe do IVE das facturas que se achegan para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

3.- Sistema de xustificación

A teor do disposto no art. 81 do Real Decreto 887/2006, establece o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na xustificación das subvencións, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) ANEXO VI SOLICITUDE DE PAGAMENTO, asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente) da entidade. Coa sinatura deste anexo acredítanse, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade.
- O gasto total da entidade na tempada de referencia. Cando o gasto total que se declare neste anexo sexa inferior ao 100% do orzamento que indicou a entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e da súa procedencia.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan aplicáronse á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practica-da a pertinente retención, así como que esta foi ou será declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro (art. 31.7.e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- Que a entidade está exenta ou non está exenta da obriga de presentar a declaración do IVE e, de ser o caso, que o importe do IVE das facturas que se presentan para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

b) ANEXO VII: RELACIÓN DE FACTURAS E XUSTIFICANTES ORIXINAIS IMPUTABLES Á AXUDA CONCEDIDA, asinado pola tesourería e pola presidencia (electronicamente).

Consiste nunha relación clasificada das facturas e xustificantes que achega a entidade para xustificar a subvención concedida, cuxo importe total non poderá ser inferior á contía da axuda, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número e data de emisión, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto, importe total da factura e importe que se imputa á subvención.

- c) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e xustificantes de gasto relacionados no anexo VII, que deben achegarse asinados (electronicamente) pola presidencia da entidade.

As ditas facturas e xustificantes corresponderán a gastos que deben estar vinculados directamente coas actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas ou das deportistas individuais na tempada de referencia.

No caso de aquelas modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural e teñan un calendario de competicións que finalice en novembro ou decembro de 2025 segundo conste no certificado da Federación (anexo II) presentado, as beneficiarias poderán achegar xustificantes de gastos dos meses de novembro e decembro de 2024, segundo corresponda.

Non terá que constar de forma expresa que os gastos imputados á subvención foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nestas bases en atención á escasa contía das axudas que se conceden e á insuficiente capacidade económica da maior parte das entidades que concorren. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

As facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, no seu caso, serie.
- Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica que emite a factura.
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.

- Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención.

Non se poderá imputar á subvención o importe do IVE contido nas facturas achegadas salvo que a entidade declare que está exenta de presentar a declaración do IVE. As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF. A entidade deberá presentar os xustificantes que acrediten o ingreso en Facenda das retencións incluídas nas facturas achegadas, salvo que esas retencións no se imputen á subvención.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento da actividade subvencionada na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participou cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, resultados obtidos, ámbito e nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, mencionando especialmente as actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas...).

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para equipamento, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Neste caso achegaranse fotografías do dito equipamento, sen menoscabo doutras comprobacións polo Servizo de Igualdade.

f) Acreditación da publicidade dada ao carácter público do financiamento da actividade subvencionada. As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, o logotipo do Concello de Vigo.

g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Atendendo á especificidade da modalidade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais emitidos polas federacións ou pola propia entidade deportiva: certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das deportistas e do persoal técnico, etc. Estes documentos deberán recoller adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación coa xustificación do pago do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos, sempre e cando este mesmo importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao Servizo de Deportes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

As facturas de gastos de comidas deberán corresponder ás deportistas femininas (inclúese o persoal técnico e adestrador), xustificarse por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación e concretar o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

Excepcionalmente, cando a beneficiaria teña que achegar arquivos multimedia para xustificar a subvención concedida, deberá presentar presencialmente na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAR) do Concello de Vigo o soporte informático (*pendrive*, etc.) que conteña os ditos arquivos.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda serán comprobadas polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa correctamente xustificada a subvención concedida.

Procederase ao pagamento parcial ou á redución proporcional do importe da axuda nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total da actividade subvencionada inferior ao 100 % do orzamento indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada proporcionalmente.
- Obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.

- Incumprimento pola entidade beneficiaria das súas obrigas.

Estas subvencións son compatibles con calquera tipo de axuda concedida por administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe da subvención en ningún caso pode ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003).

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente por medio dunha declaración responsable ao abeiro do art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 6 do anexo VI).

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcialmente, o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31.5 da citada Lei).

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. No caso de superalo, procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade da resolución de concesión e denegación das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Con respecto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e ao procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexeráse pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025 e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. O recurso potestativo de reposición se entenderá como desestimado se transcorrese o período de resolución sen recibir contestación.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2024/2025 OU DO ANO 2025 NO CASO DAS MODALIDADES DEPORTIVAS CUXA TEMPADA SE CORRESPONDA CO ANO NATURAL

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais) coa finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. Este apoio materializarase mediante a contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A esta finalidade de promover o deporte feminino refírense o art. 29 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o art. 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o art. 3.b) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO. CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A contía da axuda concedida a cada beneficiaria determinarase en función do crédito orzamentario, o importe solicitado e a puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración definidos nas bases reguladoras.

O crédito orzamentario dividirase entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, da subvención a conceder a cada entidade beneficiaria. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación obtida na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos dos clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada direc-

tamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso de que se xustifique a subvención con gastos de comidas, a factura deberá concretar o menú, prezo por menú e prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitrxes de competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios e gastos do persoal técnico e adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo.
- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A tempada 2024/2025 ou 2025 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese gasto fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará, nese caso, información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada. Os gastos de comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador), só serán subvencionables cando se xustifique a súa necesidade por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación e se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

concrete o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

O órgano instrutor poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración das actividades das entidades presentadas a esta convocatoria.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo e coa Facenda pública estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11^a.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades

solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 6 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán toparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria nesta convocatoria non supera o importe de 1.500 euros, as solicitantes acreditarán que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de forma simplificada mediante unha declaración responsable de acordo co disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006. Esta declaración responsable está incluída no punto 5 do anexo IV da solicitude.

5.- Igualmente, as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan ao órgano instrutor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativos de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrência competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade encargarse da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O órgano instrutor poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento das solicitudes presentadas a esta convocatoria.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta Comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención presentadas de conformidade co disposto na base sétima das bases reguladoras.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión emitirá un informe relacionando as entidades solicitantes, indicando a puntuación asignada a cada unha delas de xeito motivado, e levantará unha acta que reflecta as deliberacións e acordos da Comisión.

O Servizo de Igualdade, como órgano instructor, en base ao informe da Comisión, formulará a proposta de resolución de concesión e denegación das subvencións solicitadas, que será elevada á Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación de solicitudes (artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)). A resolución notificarase ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da LPAC. Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva, a notificación poderá substituírse pola publicación da resolución na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación da subvención no prazo máximo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar á subvención concedida por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluído o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

OITAVA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Nesta convocatoria, cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada electronicamente pola presidencia da entidade e reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas mediante os modelos normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Para poder optar a estas subvencións, as entidades deberán achegar en prazo a seguinte documentación obrigatoria:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

1.- ANEXO I SOLICITUDE, asinado electronicamente pola presidencia da entidade.

Neste anexo, a entidade indicará a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. No caso de solicitar a axuda para varias modalidades deportivas, indicárase cada unha delas, non considerando como tales as distintas especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva.

A estes efectos, terase en conta o establecido no artigo 17 apartados 2 e 3 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que establecen, respectivamente, que se entende por “modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra”, e “por especialidade deportiva aquela práctica deportiva que, pese a non reunir os requisitos para ser considerada modalidade deportiva, ten singularidade na súa práctica, aínda que vinculada ou organizada dentro dunha modalidade deportiva tanto por razóns históricas da súa práctica como pola existencia dun elemento de práctica común a todas elas”.

Segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, “excepto no ámbito dos deportes autóctonos da Comunidade Autónoma, no que se poderán agrupar diferentes modalidades deportivas nunha única federación, só se poderá recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva” (art. 51.5º). Polo tanto, a entidade que solicite a subvención para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas. Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

2.- ANEXO II CERTIFICADO DA FEDERACIÓN, asinado pola secretaría e pola presidencia da federación.

A entidade deberá presentar un anexo II cuberto e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na solicitude de subvención.

3.- ANEXO III ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS para o período de referencia (tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural), asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente) da entidade solicitante.

O órgano encargado da verificación das xustificacións presentadas polas entidades deportivas beneficiarias terá en conta o orzamento que se reflicta neste anexo, procedendo-

se a minorar a contía da subvención concedida cando se xustifique un gasto na tempada de referencia inferior ao 100% do orzamento indicado neste anexo. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.

4.- ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE, asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente) da entidade solicitante. Con ela acreditaranse, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade.
- Outras axudas solicitadas ou concedidas na tempada de referencia.
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social.
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.- ANEXO V CERTIFICADO DA COMPOSICIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA, emitido pola secretaría da entidade, e asinado electronicamente pola presidencia, onde conste a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.

6.- CIF da entidade solicitante.

7.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2025.

8.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

9.- Memoria das actividades que desenvolva a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino. Esta memoria deberá incluír: descrición xeral da entidade, número de equipos por categoría e sexo, relación das competicións nas que participa cada un dos equipos con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais e logros acadados, actuacións que a entidade leva a cabo orientadas á igualdade e valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva.

O Servizo de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como que se complemente a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado na base quinta das bases reguladoras, a Comisión de Avaliación valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2024-2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 1.1 e 1.2, calcularase a puntuación que corresponda a cada modalidade e logo sumarase para acadar a puntuación total do apartado 1, co límite máximo de 16 puntos.

2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas da entidade na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 2.1 e 2.2, calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación para cada modalidade deportiva e despois sumarse para acadar a puntuación total do apartado 2, co límite máximo de 5 puntos.

A documentación que se terá en conta para facer o recuento de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o anexo II cuberto e asinado pola federación correspondente.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

3.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

A presente convocatoria e as bases reguladoras, conforme establece o artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS dará traslado ao BOPPO do extracto da convocatoria para a súa publicación, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

A convocatoria e as bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

4.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións.

5.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nas comunicacións e no desenvolvemento das actividades subvencionadas, facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes (equipamento, web, redes sociais, publicidade, etc.), o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2024/2025 OU DO ANO 2025 NO CASO DAS MODALIDADES DEPORTIVAS CUXA TEMPADA SE CORRESPONDA CO ANO NATURAL

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO. CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, da subvención a conceder a cada entidade beneficiaria. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación obtida na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos dos clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso de que se xustifique a subvención con gastos de comidas, a factura deberá concretar o menú, prezo por menú e prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscripcións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- Arbitraxes de competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios e gastos do persoal técnico e adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo.
- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A tempada 2024/2025 ou 2025 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada.

QUINTA.- BENEFICIARIAS

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, contén cun mínimo de 10 licenzas femininas ou 1 licenza feminina de deporte adaptado na tempada 2024-2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural e cumpran os demais requisitos que establecen as bases reguladoras.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrencia competitiva.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes é de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo.

**8(364).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO
ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS PARA A DIFUSIÓN
DA CULTURA MARIÑEIRA. EXPTE. 12085/320.**

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 02/05/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 29/01/2025, Enrique Martínez Casal, con DNI 3606*****, en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO ARTESANAIS DE VIGO” (CIF: G36799351), achegou escritos (docs. 250020147, 250020163) solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo para difusión da cultura mariñeira.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, D. Enrique Martínez Casal, o representante da entidade para a sinatura do convenio.

III. A entidade, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/04/2025.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 07/04/2025
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/04/2025.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 07/02/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Autoriza expresamente a consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2024-30/09/2025)	
Mantemento embarcacións	4.000,00 €
Amarres e Mantemento de pantaláns	4.000,00 €
Autorizacións administrativas/impostos	4.100,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.300,00 €
Preparación e participación de encontros tradicionais	1.000,00 €
Primas seguros das embarcacións	600,00 €
TOTAL	16.000,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2024-30/09/2025)	
Subvención Convenio Concello de Vigo	16.000,00 €
TOTAL	16.000,00 €

8. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización

- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 490/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, cunha dotación orzamentaria de 16.000,00 €.

VI. En data 29/01/2025 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e en 30/01/2025 a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresa asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo, expídese certificación de data 07/02/2025 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O presente expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a conservación e difusión da cultura mariñeira e mantemento das embarcacións municipais.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”.

Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na bretaña francesa.*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D. Enrique Martínez Casal, con DNI 3606*****, en calidade de Presidente da "ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS DE VIGO" (CIF: G36799351), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 12085/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Co obxecto de garantir e promover, sen ánimo de lucro, a conservación da cultura mariñeira tradicional (artigo 6º dos Estatutos), a entidade desenvolve actividades de recuperación e construción de réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao seu mantemento, acondicionamento e amarre para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, e áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2025, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral xa que os gastos subvencionables obxecto da axuda que se pretende conceder á Asociación Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, son de carácter corrente para mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, etc.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito

axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2025**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- APROBAR o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, con CIF: G36799351 coa finalidade de promover, conservar e difundir a cultura mariñeira, e conservar e manter as embarcacións tradicionais propias e municipais (traíñeira, galeón,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2025, e **CONCEDER** á referida entidade unha subvención de 16.000€ (dezaseis mil euros).

SEGUNDO.- AUTORIZAR e DISPOR o gasto de **16.000,00 €**, con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2025.

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, don Enrique Martínez Casal, con DNI 3606***** en calidade de presidente da “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, CIF nº G36799351 e enderezo social no Travesía Portuaria de Bouzas, 5 na representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expediente 12085/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.
- Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.
- Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.
- Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.
- Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.
- Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.
- Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.
- Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen

directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.

Que, dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2025 sobre a difusión da cultura mariñeira están, entre outras, as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.

II.- Que dende o Concello de Vigo estase a difundir esta cultura mariñeira dende hai moitos anos. O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiñeira de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- "Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Levar a cabo tarefas de mantemento e reparación das embarcacións tradicionais propiedade do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- Participación en diversas xuntanzas e actividades, tanto culturais como deportivas, organizadas por diferentes organismos e entidades coa finalidade de dar divulgación á cultura mariñeira.
- Actividades de navegación tradicional.
- Participación en concentracións de embarcacións tradicionais.
- Participación no Día do Medio Ambiente, colaborando coa limpeza do fondo mariño.
- Concurso Infantil de Pesca no pantalán da Asociación.
- Concurso de Pesca dende embarcación en modalidade libre.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíñeira, bote polbeiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

V.- Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

VI.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 490/96.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890013, denominada, "Convenio Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 16.000 €.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2024 ata o 30/09/2025, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2024-30/09/2025)	
Mantemento embarcacións	4.000,00 €
Amarre e Mantemento pantaláns	4.000,00 €
Autorizacións administrativas/impostos	4.100,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.300,00 €
Preparación e participación en encontros tradicionais	1.000,00 €
Prima de seguros das embarcacións	600,00 €
TOTAL	16.000,00 €

IX.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como, do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíñeira, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....
2. Coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promovendo as mesmas non só en terra senón tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con Capitanía Marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promover non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senón tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíñeira "Vigo 05", Bote Polbeiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaíña", Galeón "Coruxo", Dorna "Tope").
6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
11. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, tanto nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, coma a todo o público en xeral.
2. Ceder o dereito de uso das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíñeira, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades de difusión da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.
3. Autorizar á Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas para que poidan realizar as actuacións contempladas no apartado 3 do pacto Primeiro.
4. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" do orzamento xeral do

Concello de Vigo para o ano 2025, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

·A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- O concelleiro de Participación Cidadá e Distritos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán requirir unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Participación Cidadá e Distritos.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Noveno.- A beneficiaria ten como prazo máximo ata o **30 de setembro de 2025**, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Unha memoria final do programa de actividades, asinada electrónicamente, obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

d) Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electrónicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

e) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de alugueiro, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando de inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o de pagamento

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 5016 04 3040017025.

Décimo segundo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada no período comprendido entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá dependente da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio leítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

9(365).- PROXECTO DE CONVENIO COA "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO", PARA O FOMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 12118/320.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 21/04/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 10/02/2025, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 3599*****), en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF: G-36704666), achegou a documentación (nº 250030026 e nº 250030031) solicitando a celebración dun convenio entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola Federación entre o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Camilo Pais Martínez , a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e nas Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 25/03/2025.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 04/02/2025.
- Certificado da Seguridade Social, de data 04/02/2025.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 19/02/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2024 - setembro 2025)	
CONCEPTO	IMPORTE
Área Organización: Xestión e administración	6.600,00 €
Área Promoción: Edición da “ Revista Anuario”	1.200,00 €
Área Convivencia: Festa das Peñas e Cea Voluntario	5.900,00 €
Área Social: I Trofeo Presidentes Vigo	2.300,00 €
TOTAIS	16.000,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2024 a setembro 2025)	
Concello de Vigo	15.000,00 €
Federación de Peñas Recreativas El Olivo	1.000,00 €
TOTAL	16.000,00 €

8. Certificado da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

VI. En data 17/02/2025 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e en data 18/02/2025 a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 19/02/2025 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (G-36704666) que se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2024 a setembro de 2025.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”.

Segundo recollen, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599****, en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 12118/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 13/12/2024, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada “*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Federación de Peñas Recreativas El Olivo son gastos destinados ao fomento das actividades da entidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2025**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre outubro de 2024 e setembro de 2025, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, e **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte. 12118/230.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

– A estimulación e o desenvolvemento do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de outubro de 2024 ata setembro de 2025, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2024 a setembro de 2025, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2024- setembro 2025)	
CONCEPTO	IMPORTE
AREA ORGANIZACIÓN: Xestión e administración	6.600,00 €
AREA PROMOCIÓN: Edición Revista Anuario	1.200,00 €
AREA CONVIVENCIA: Festa das peñas e Cea de voluntariado	5.900,00 €
AREA SOCIAL: I Trofeo Presidentes Vigo	2.300,00 €
TOTAIS	16.000,00 €

VII.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a

Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
4. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo - Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inxeridos na revista.
5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e Distritos nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto coa correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
13. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de outubro de 2024 ata setembro de 2025.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2025**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descriptiva das actuacións realizadas asinadas electronicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).**

Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electronicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura de Participación Cidadá ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- - O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica.

10(366).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE CRÉDITO NO EXPEDIENTE DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ 2024. EXPTE. 11763/320.

Visto o informe de fiscalización do 16/05/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 12/05/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES,

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, **en sesión ordinaria de 23 de agosto de 2024**, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2024.

II. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, **en sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2024**, aprobouse o acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación e desistimento, respectivamente, das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2024.

O **prazo de xustificación** das subvencións era de **10 días naturais** a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo, considerando que os **gastos subvencionables son os realizados desde o 16 de novembro de 2023 ata a data de finalización do prazo de xustificación**.

III.- Debido ao atraso producido na tramitación das presentes subvencións, este servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que foi preciso que a imputación orzamentaria se fixera con cargo ao crédito do ano 2025, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito. Motivo polo cal, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria 7 de febreiro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

*“Autorizar a tramitación do expediente 11763/320 correspondente á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2024, como **expediente prorrogado de gasto con cargo aos orzamentos municipais do 2025**, constando crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 “Subvencións a entidades cidadás” e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 “Subvencións Capital Asociacións e Atrios”, de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

*constan no dito procedemento, tendo en conta, que a contía dos gastos pendentes de pago ascende a un total de **361.368,94 €**, distribuídos da seguinte maneira:*

Programas I e II : 243.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "Subvencións a entidades cidadás", a cal conta cunha dotación de 262.000,00 €.

Programas III e IV: 118.368,94 € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 "Subvencións Capital Asociacións e Atrios", dotada con 300.000,00 €."

Unha vez rematado o procedemento de verificación da xustificación dos gastos subvencionados, aprecíuse que varias entidades non xustificaron a totalidade dos proxectos subvencionados, o que supuxo unha diminución proporcional das subvencións outorgadas, e por conseguinte, do crédito realmente consumido.

ÓRGANO COMPETENTE

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local para a autorización do gasto en virtude do disposto no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos e, previo informe de fiscalización da Intervención municipal, en virtude das competencias delegadas mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024 na quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: aprobar a anulación do crédito indicado nas partidas que se detallan a continuación, por non ter sido xustificadas os proxectos subvencionados para os que se tiña realizado a correspondente reserva de crédito:

- 9240.489.00.00 SUBVENCIONES A ENTIDADES CIUDADÁS: 12.830,15 €
- 9240.780.00.10 SUBVENCIONES CAPITAL ASOCIACIONES: 36.486,48 €

SEGUNDO: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(367).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MAYEUSIS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO 2025. EXPTE. 6067/330.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 16/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/04/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da entrada na sede electrónica municipal o 1 de abril do 2025, a Fundación Mayeysis presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do “Programa Conexións Vigo 2025” ; por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 60.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.26 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**FUNDACIÓN MAYEUSIS**” é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interés galego e cultural que, desenvolve e promove a música y demais linguaxes artísticas como ferramenta de transferencia dos valores para mellorar a sociedade.

PROGRAMACIÓN:

A programación prevé 30 concertos en diferentes formatos,

- . Formato Cámara (De 3 músicos mais bailaríns)
- . Formato grupo (De 3 a 8 músicos máis bailaríns)
- . Formato orquesta/Big Band (De 16 a 30 músicos+ corpo de baile)

Ofreceranse cinco tipos de programación musical :Clásico, folk-tradicional, jazz, dixie, orquesta/IJO/grupos e conexións de autor chegando a mais de 25 espazos diferentes e alternativos.

A Danza será una parte fundamental en CONEXIONS 2025; tódolos concertos contarán con bailaríns . A música e a danza fusionaranse en eventos de pequeno formato nos que a danza se entrelaza co son.

O ENCONTRO CONEXIÓNS 2025, terá lugar o 27 de Xuño no teatro de AFUNDACION,

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 65.500 € (SESENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Achega da entidade: 5.500 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio, presentado na sede electrónica o día 14 de abril do 2025 (doc. 250087455)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Mayeusis”, para o financiamento do programa “Conexións Vigo 2025”, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no citado PES se recolle un importe de 70.000,00 €, no presente exercicio está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2024, BOPPO núm. 250 do 27 de decembro de 2024, na aplicación 3340.480.00.01, cun importe, segundo a proposta, de 60.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acréditase que a diminución do importe da subvención nominativa prevista a favor da Fundación Mayeusis, CIF G36842490, pasando dos 70.000 € previstos inicialmente no PES aos 60.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio

2025, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: O programa “Conexións Vigo 2025” que organiza a entidade beneficiaria da subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Fundación Mayeosis” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Mayeosis” ten como obxecto o financiamento do Programa Conexións Vigo 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.26** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Mayeusis” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 60.000 € (sesenta mil euros) á Fundación Mayeusis, CIF. G-36842490, para o financiamento do programa Conexións Vigo 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.26 “FUNDACIÓN MAYEUSIS. PROGRAMA CONEXIÓN VIGO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Fundación Mayeusis” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa conexións Vigo 2025”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN MAYEUSIS”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Felipe Estévez Vila, na súa condición de presidente da Fundación Mayeuis (CIF: G-36842490) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Areal 138, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

***I.-** Que a “**FUNDACIÓN MAYEUSIS**” é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interés galego e cultural que, desenvolve e promove a música y demais linguaxes artísticas como ferramenta de transferencia dos valores para mellorar a sociedade.*

***II.-** Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execu-*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

*ción da programación da “**FUNDACIÓN MAYEUSIS**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.26, como subvención nominativa, a favor de **FUNDACIÓN MAYEUSIS, PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO**, a cantidade de 60.000 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN MAYEUSIS** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa CONEXIÓNS VIGO 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 65.500 € (SESENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Achega da entidade: 5.500 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación prevé 30 concertos en diferentes formatos,

- . Formato Cámara (De 3 músicos mais bailaríns)
- . Formato grupo (De 3 a 8 músicos máis bailaríns)
- . Formato orquesta/Big Band (De 16 a 30 músicos+ corpo de baile)

Ofreceranse cinco tipos de programación musical :Clásico, folk-tradicional, jazz, dixie, orquesta/IJO/grupos e conexións de autor chegando a mais de 25 espazos diferentes e alternativos.

A Danza será una parte fundamental en CONEXIONS 2025; tódolos concertos contarán con bailaríns . A música e a danza fusionaranse en eventos de pequeno formato nos que a danza se entrelaza co son.

O ENCONTRO CONEXIÓNS 2025, terá lugar o 27 de Xuño no teatro de AFUNDACION,

O programa Conexións Vigo 2025 é o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

MES	DIA	HORA	EVENTO	INTERPRETA	LUGAR
MES	DIA	HORA	EVENTO	INTERPRETA	LUGAR
MAYO	13/05 M 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS FOLK		Praia de Bouzas
MAYO	15/05 J 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS CLASS		Praia de Samil
MAYO	18/05 Domingo 12:00	●	Formato cámara CONEXIÓNS VOZ		Rúa do Príncipe
MAYO	20/05 M 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS CLASS		Praza da Pedra
MAYO	22/05 J 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS FOLK		Capela da Guía
MAYO	25/05 Domingo 12:00	●	Compañía MAYEUSIS		Rúa do Príncipe
MAYO	27/05 M 12:00	●	Formato Grupo CONEXIÓNS DIXIE		Rúa Miragaia/ Rosalía Castro
MAYO	29/05 J 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS CLASS		Fortaleza do Castro
MAYO	31/05 Sábado 20:00	★	Formato cámara CONEXIÓNS VOZ		Villa Solita
JUNIO	03/06 M 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS FOLK		Pazo de Castrelos
JUNIO	05/06 J 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS CLASS		Colexiata de Santa Maria
JUNIO	08/06 Domingo 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS JAZZ		Praza da Pedra
JUNIO	10/06 M 12:00	●	Formato Grupo CONEXIÓNS DIXIE		Praza da Independencia
JUNIO	12/06 J 12:00	●	Formato Cámara CONEXIÓNS CLASS		Praza da Pedra
JUNIO	15/06 Domingo 12:00	●	IMAGINE JAZZ ORCHESTRA		Rúa do Príncipe

MES	DIA	HORA	EVENTO	INTERPRETA	LUGAR
JUNIO	19/06 J		Formato Cámara CONEXIÓNS FOLK		Rúa do Príncipe
JUNIO	21/06 SÁBADO		Formato cámara CONEXIÓNS JAZZ		Baluartes del Diamante
JUNIO	24-27 Junio		III Encontro CONEXIONS + INVITADOS		TEATRO GARCÍA BARBÓN

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Felipe Estévez Vila, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2.Xestionar o pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios

na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a enti-

dade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraidas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraidas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a

CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si transcurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

A concelleira delegada da Área de Goberno
de Patrimonio Histórico, Cultura E Igualdade

O presidente da entidade

María del Carmen Silva Rego

Felipe Estévez Vila

Dou fé
A secretaria do Goberno Local

Susana Gallardo Fariña

ORZAMENTO 2025

GASTOS :

1)PARTIDA PRODUCCION ARTISTICA CONTENIDOS: 35000€

&ENSAYOS

&DIRECCION ARTISTICA

&HONORARIOS ARTISTAS
&COMPOSICIONES&ARREGLOS
&OTROS

2)PARTIDA PRODUCCION ESCENICA DEL EVENTO : 8000 €

&ESPACIO: ALQUILER...LIMPIEZA
&RIDERS TECNICOS: SONIDO, LUCES, TARIMAS
&ASISTENCIA TECNICA
®IDORÍA
&INSTRUMENTOS ALQUILADOS
&DECORACIÓN ESCENICA: MONTAJE Y DESMONTAJE
&OTROS

3)PARTIDA PRODUCCIÓN LOGISTICA DEL EVENTO : 5000€

&TRANSPORTE, RESTAURACION, ALOJAMIENTOS
&SEGURIDAD ACTO
&CONTROL DE ASISTENCIA, VIGILANCIA
&RESPONSABILIDAD CIVIL
&OTROS

4)PARTIDA DISEÑO, IMAGEN Y COMUNICACIÓN: 2500€

&WEB - RRSS
&DISEÑO IMAGEN
&COMUNICACION

5)PARTIDA PUBLICIDAD/PROMOCION :3000€

&SOPORTES GRAFICOS Y DIGITALES
&DISTRIBUCIÓN
&OTROS

6)ADMINISTRACIÓN/GESTIÓN: 12000 €

&OFICINA TECNICA DE SEGUMIENTO Y ORGANIZACIÓN
&DIRECCION GENERAL Y COORDINACIÓN

INGRESOS :

& APORTACION CONCELLO 60000€
& APORTACIÓN FUNDACIÓN MAYEUSIS 5500€
& TAQUILLA ESTIMADA

ORZAMENTO TOTAL:

GASTOS: PROGRAMA CONEXIÓNS 2025	65500
INGRESOS: CONCELLO DE VIGO	60000
FUNDACIÓN MAYEUSIS	5500



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

12(368).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “CORRECCIÓN DE FILTRACIÓNS ACTIVAS DE AUGA NO MUSEO VERBUM – CASA DAS PALABRAS”. EXPTE. 6657/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/05/2025, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte do Servizo de Museos, remítese proxecto de “CORRECCIÓN DE FILTRACIÓNS ACTIVAS DE AUGA NO MUSEO VERBUM – CASA DAS PALABRAS”, redactado polo Arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VEINTE CÉNTIMOS (259.982,20 €) e con sinatura dixital do día 18 de decembro de 2024.

II.- O Xefe de Museos Municipais e o Xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.02.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 19.02.2025 resollen iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación se desenrola no edificio sito na Avda. De Samil, nº 17. O obxecto do proxecto é describir e detallar unha serie de actuacións de mantemento para solucionar as filtracións que se producen no edificio VERBUM- CASA DAS PALABRAS, pola cuberta plana sobre a planta primeira e o elevado deterioro da carpintería exterior da planta segunda ou “linterna”.

Na cuberta se procede á substitución da lámina impermeable de PVC, por unha nova bituminosa de dobre capa adherida, traballando de novo todas as súas unións, remates e encontros que se reproducen, de forma xeral, nos puntos singulares: Remates perimetrais con petos, sumidoiros, varanda e, en especial, as que se producen e se consideran máis importantes, situadas no encontro da carpintería da planta segunda ou “linterna”. Sinalase que se manteñen a rede de evacuación de pluviais, que se considera suficiente, aínda que se realizará unha unión correcta coa nova impermeabilización e a comprobación do correcto funcionamento da rede.

Por mor da “imposibilidade” de executar unha nova impermeabilización por detrás e baixo a carpintería actual e a estrutura que a define, que obrigaría a unha desmontase estrutural de parte do edificio, proxéctase unha segunda pel, paralela, co mesmo despece e formalización e o máis similar posible a que ten na actualidade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 15 (QUINCE) SEMANAS.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 12.05.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993. A aprobación definitiva de dito PXOU de 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05//1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993.

Así mesmo, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional, redactado polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao amparo da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación; Foi aprobado definitivamente polo Pleno o 24/07/2019, publicado no DOG nº 160 do 26/08/2019 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 181 do 20 de setembro de 2019. O IOP recupera parte do solo urbano do Plan Xeral do ano 2018 que foi anulado por sentenza e trátase dunha ordenación que, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vixencia temporal mentres se tramita un novo plan.

O edificio encóntrase situado nun ámbito que o I.O.P. vixente califica como urbano consolidado, situado nun solo destinado a Sistemas Xerais denominado "CO4 CULTURAIS CASA DAS PALABRAS". Catalogado ca denominación A 114 na que se determina unha catalogación estrutural.

Sínálase que neste proxecto non se modifica ningún parámetro urbanístico relativo a edificabilidade, ocupación, altura de cornixa, nin de características de uso que impliquen a xustificación urbanística destes aspectos. As obras a executar son obras de mantemento da edificación existente polo que son obras permitidas polas ordenanzas de aplicación.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “CORRECCIÓN DE FILTRACIÓNS ACTIVAS DE AUGA NO MUSEO VERBUM – CASA DAS PALABRAS” redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VEINTE CÉNTIMOS (259.982,20 €) e con sinatura dixital do día 18 de decembro de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento de persoal funcionario interino na categoría de administrativo/a de Administración xeral para Xestión Tributaria- Negociado Imposto de Vehículos. Expte. 46380/220.

- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto contra os pregos que rexen o procedemento aberto do Servizo de Axuda no Fogar Expte. 278314/301.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

13(369).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORIA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA XESTIÓN TRIBUTARIA- NEGOCIADO IMPOSTO DE VEHÍCULOS. EXPTE. 46380/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/05/2025 e o informe-proposta do 19/05/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, solicítase persoal interino coa categoría de administrativo de administración xeral en substitución da traballadora Sra. Domínguez González adscrita ao Imposto de Vehículos (515) por figurar como liberada sindical .

II.- Consta incorporado ao expediente, dilixencia de constancia da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte entre outros:

“(...) De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024 á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como administrativa á candidata que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

*R. Martínez Pérez con DNI ***0931**...”*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

III.- En data 09/05/2025, a técnica de Avaliación e Formación emitiu o seguinte informe:

“Cuantificación económica custo nomeamento interino 1 efectivo na categoría de Administrativo/a de administración xeral no Negociado de imposto vehículos, por substitución transitoria do titular – art. 10.1 b) do TREBEP,

*Custo Posto 105 Período **15/5/2025-31/12/2025***

Aplicación orzamentaria Retribucións: 92001400000 :16.567,73€

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92001600099. Importe 5.998,50 €

SALARIO BASE		C ESPECÍFICO	PAGAS EXTRA		
MENSUAL	CD 19	317	XUÑO- DIC	S.S. EMPRESA	TOTAL
861,46 €	449,24 €	846,40 €	359,52 €	799.78 €	
6.460,95 €	3.369,30 €	6.348,00 €	389,48 €	5.998,50 €	24.165,83 €

No caso de manterse o nomeamento no ano 2026 e seguintes, deberán efectuarse os oportunos AFUTs nos exercicios orzamentarios correspondentes.

IV.- En data 15/05/2025, R. Martínez Pérez con DNI ***0931** presenta por escrito renuncia ao chamamento.

V.- Consta acordo da Xunta de Goberno local de data 16/05/2025 acordando a retirada do expediente da orde do día a petición do Servizo.

VI.- Consta dilixencia de constancia de data 19/05/2025 segundo a cal “... De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024 á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como administrativa á candidata que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:
- S. Abalde Bastos con DNI ***9916** (aspirante núm. 30 da lista)...”

VII.- Consta informe de fiscalización do gasto de data 12/05/2025 (trámite 82)

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, citada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

No presente caso a Directora de Ingresos solicita persoal interino en substitución da traballadora Sra. Domínguez González, Administrativa de administración xeral, que actualmente está en situación de liberada sindical. Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estritamente necesario, e, en todo caso, por período máximo de tres anos.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e

concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

SALARIO BASE MENSUAL	CD 19	C ESPECÍFICO 317	PAGAS EXTRA XUÑO- DIC	S.S. EMPRESA	TOTAL
861,46 €	449,24 €	846,40 €	359,52 €	799.78 €	
6.460,95 €	3.369,30 €	6.348,00 €	389,48 €	5.998,50 €	24.165,83 €

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) *La intervención material del pago.*
- d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

Consta informe favorable de fiscalización do gasto de data 12/05/2025.

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

VIII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Administrativa de administración xeral
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP).
 - substitución da traballadora en substitución da traballadora Sra. Domínguez González adscrita ao Neg. Imposto de Vehículos (515) por figurar como liberada sindical .
- Destino: Neg. Imposto de Vehículos
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario durante a substitución da titular, coa duración contemplada na normativa vixente, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.
- Custe económico: Estímase un custe anual por importe total de **24.165,83 €**,co seguinte detalle:

**SALARIO BASE
MENSUAL**

CD 19

C ESPECÍFICO 317

**PAGAS EXTRA
XUÑO- DIC**

S.S. EMPRESA

TOTAL

861,46 €	449,24 €	846,40 €	359,52 €	799,78 €	
6.460,95 €	3.369,30 €	6.348,00 €	389,48 €	5.998,50 €	24.165,83 €

- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Administrativa de administración xeral, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

- - S. Abalde Bastos con DNI ***9916**

Elo de conformidade de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024 á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, Inspección de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

14(370).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS QUE REXEN O PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 278314/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/05/2025, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da Área de Goberno (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 25 de abril de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 28 de abril de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 26 de maio as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 18 de maio de 2025, D. Manuel Luis Rodas García, en nome e representación de SINDICATO NACIONAL DE GALICIA CCOO (en diante, CCOO ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de cláusulas administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

Cuarto.- En data 21 de maio de 2025, a área xestora do expediente, Benestar Social, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de axuda no fogar.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en

conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais.

Así, a Resolución 212/2024 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 15 de febreiro de 2024 di que:

“En aplicación del artículo 48 de la LCSP ha de analizarse si la entidad recurrente ostenta legitimación activa para la interposición del recurso. Establece dicho precepto que “podrá interponer el correspondiente recurso especial en materia de contratación toda persona física o jurídica cuyos derechos e intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso”

Reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo manifiesta que el interés legítimo abarca todo interés material o moral que pueda resultar beneficiado con la estimación de la pretensión ejercitada, siempre que no se reduzca a un simple interés por la pura legalidad, en cuanto presupone que la resolución a dictar puede repercutir, directa o indirectamente, de un modo efectivo y

acreditado, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien recurre o litiga”

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na Resolución 331/2019, de 29 de marzo, analizando a lexitimación dunha organización sindical para impugnar a adxudicación dun contrato, conclúe que: *“la legitimación de las organizaciones sindicales se reconoce exclusivamente en el supuesto de que se impute a la actuación recurrida un eventual o futuro incumplimiento por parte del empresario de sus obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”*.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid na Resolución 63/2019, de 13 de febreiro, determina que *“se debe entender que la legitimación de la organización sindical solo será admisible cuando se dé una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores afectados”*.

É dicir, as organizacións sindicais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, non un xenérico de defensa dos traballadores.

En opinión da informante, dos motivos alegados por CCOO para a impugnación dos pregos parece desprenderse un interese na defensa dos dereitos económicos dos traballadores. So parece por canto parece que está máis preocupado porque o futuro adxudicatario renuncie ao seu beneficio industrial ou contraia débedas para garantir os dereitos dos seus traballadores. Efectivamente, manifesta o recorrente que *“el desajuste económico que puede producir en la prestación del servicio conllevaría a que la empresa adjudicataria tenga que sacrificar su beneficio industrial e incluso endeudarse para garantizar las condiciones laborales”*. No entanto, ante a dúbida, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 18 de maio de 2025. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 28 de abril de 2025, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito de recurso presentado por CCOO contén os motivos de impugnación no fundamento xurídico quinto, se ben os adianta no apartado sexto dos feitos e motivos. Estes son:

1. O incumprimento do artigo 100 da LCSP, que refírese ao cálculo do orzamento base de licitación.
2. O incumprimento do artigo 101 da LCSP, que refírese ao cálculo do valor estimado do contrato.
3. O incumprimento do artigo 122, relativo aos pregos de cláusulas administrativas particulares, no tocante á obriga do adxudicatario de cumprir as condicións salariais das persoas traballadoras consonte ao convenio colectivo sectorial de aplicación.
4. O incumprimento do artigo 201 da LCSP, que refírese as obrigas en materia medioambiental, social e laboral.

As alegacións do recorrente resúmense en que considera que tanto o orzamento base de licitación como o valor estimado do contrato están mal calculados porque o órgano de contratación non tivo en conta nin os custes laborais do ano 2025 nin os dos anos do contrato. En consecuencia, predí que *“el desajuste económico que puede producir en la prestación del servicio conllevaría a que la empresa adjudicataria tenga que sacrificar su beneficio industrial e incluso endeudarse para garantizar las condiciones laborales y es obligación del órgano de contratación velar por que se cumpla la normativa laboral, velando por rechazar ofertas anormalmente bajas, y garantizando el cumplimiento de las condiciones laborales salariales una vez adjudicado el contrato”*.

Para acreditar os feitos alegados o recorrente limitase a enunciar no fundamento xurídico sexto os medios de proba que achega:

- “DOCUMENTOS ANEXOS:
- Poder Notarial que acredita la representación del compareciente.
- Indicación del expediente que se recurre, publicado en la plataforma de contratación del sector público. (Cabecera de la alegación, consta número de expediente)
- DOG de Convenio Colectivo de aplicación.
- DOG Tablas salariales 2011.
- Sentencia TSXG ultraactividad convenio
- Sentencia 1a instancia 25 horas mínimas en el Sector.
- Sentencia TSXG 25 horas mínimas en el Sector.
- Inadmisión recurso Tribunal supremo sentencia 25 horas mínimas en el Sector.
- Correo electrónico “habilitado” a la que enviar, de conformidad con la disposición adicional decimoquinta, las comunicaciones y notificaciones.(Se adjunta en la cabecera de este documento)”.

Está documentación achegada como medio de proba ou ben é relativa aos requisitos necesarios para presentar o recurso especial, ou ben é informativa. O recorrente,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

polo tanto, non desenvolve ningunha actividade probatoria en apoio da súa denuncia, aínda que lle corresponde a carga da proba e a introdución de alegacións xurídicas a partir dos feitos probados, permita que o Tribunal se pronuncie sobre a súa pretensión. É un principio xeral do noso ordenamento xurídico que a carga da proba incumbe a quen afirma. Cada parte terá que probar o suposto de feito da norma cuxas consecuencias xurídicas invoca ao seu favor, se ben esta regra pode modularse en función da facilidade ou dificultade de probar certos feitos e das regras da boa fe. Na actualidade está recollido no artigo 217 da LEC. O apartado 2 determina que *“Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y de la reconvención”* e o 3 que *“Incumbe al demandado y al actor reconvenido la carga de probar los hechos que, conforme a las normas que les sean aplicables, impidan, extingan o enerven la eficacia jurídica de los hechos a que se refiere el apartado anterior”*.

A resolución nº 141/2024 do TACGAL, de 25 de setembro de 2024, nun suposto similar no que tamén un sindicato impugnaba determinadas magnitudes do contrato manifesta que:

“O recorrente limitase a indicar que eses cálculos “serían moi diferentes á realidade”, pero o feito de que o convenio indicado no recurso como aplicable conste claramente recollido na memoria económica como unha das fontes tidas en conta para a estimación dos salarios, a desagregación e detalle dos mesmos e a ausencia de cálculo alternativo por parte do recorrente que mostre erro ou incongruencia determinante de que o orzamento non se axuste aos prezos do mercado, determinan que non caiba acoller a pretensión impugnatoria.”

A área xestora do expediente, a requirimento da área de Contratación, informa, en data 21 de maio de 2025, o seguinte sobre os motivos de impugnación esgrimidos polo recorrente:

“CUESTIÓN 1ª: “El órgano de contratación no elabora un estudio económico con los costes laborales del 2025, ni del coste de los años del contrato, solo hace referencia a que se han tenido en cuenta, sin posibilidad de saber realmente que es lo que sea calculado. Los pliegos recogen únicamente una relación de personal que es insuficiente para calcular los costes de la licitación. Por lo que desconocemos si a la hora de elaborar la memoria económica se han utilizado las tablas salariales de aplicación del 2025 o ha cogido los costes salariales aportados por la empresa que presta su servicio en la actualidad, cuantías incorrectas ya que la empresa no está cumpliendo el convenio colectivo...”

RESPUESTA: é inexacto afirmar que os Pregos de contratación recollen “únicamente una relación de persoal” que, ademais, o recorrente xulga insuficiente para calcular os custos de licitación. O certo é que no Anexo I ó PPT (custos laborais) figura unha completa relación de postos con toda a información esixida, incluíndo o convenio colectivo de aplicación, categorías, tipos de contrato, porcentaxes de xornada, datas de inicio e finalización dos contratos, desagregación por sexos, custo total anual e reducións de

xornada por garda legal. Faltaría unicamente o dato relativo á porcentaxe de absentismo laboral (15,17% en 2024; 14,99% en 2025), cuestión esta que foi xa respostada nas aclaracións ós licitadores aprobadas pola Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o 19.05.2025 e publicadas no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Realizouse un estudo económico incluíndo os custes laborais de 2025 (coñecidos), os custes directos e indirectos e o beneficio industrial (por estimación), pero o resultado do prezo de licitación era inferior ó calculado segundo os prezos actuais de mercado deste servizo nos distintos concellos de Galicia. A fin de evitar que o concurso resultase deserto e que quedase perfectamente garantido o financiamento do contrato, seleccionouse este último método de cálculo. Así, mentres que o resultado para o primeiro método daba un prezo hora aproximado de 22,00€, o prezo unitario de licitación por hora estableceuse finalmente en 24,76€.

CUESTIÓN 2ª: “El órgano de contratación incumple el artículo 100.2 LCSP “2. En el momento de elaborarlo, los órganos de contratación cuidarán de que el presupuesto base de licitación sea adecuado a los precios del mercado. A tal efecto, el presupuesto base de licitación se desglosará y en el pliego de cláusulas administrativas particulares o documento regulador de la licitación se indicarán los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación. En los contratos en que el coste de los salarios de las personas empleadas para su ejecución forme parte del precio total del contrato, el presupuesto base de licitación indicará, de forma desglosada y con desglose de género y categoría profesional, los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia”.

RESPOSTA: tal como se explica na Memoria xustificativa, para a determinación do prezo/hora deste contrato, fixándoo en 24,76 €/h, IVE incl., tivéronse en conta, entre outros elementos de referencia, os seguintes:

1) Os prezos actuais de mercado deste servizo nos distintos concellos de Galicia, todos eles inferiores ó de licitación do Concello de Vigo para este novo contrato. Cítanse expresamente os casos de Arteixo (22,66 €/h), Fene (23,26 €/h), Oleiros (23,91 €/h), Santiago de Compostela (23,62 €/h) e Redondela (23,17 €/h).

Neste sentido, o INFORME PRELIMINAR 2025 (Enquisa SAF) elaborado este mesmo ano pola FEGAMP, achega unha valiosa información actualizada a abril de 2025 sobre o custe real do SAF en Galicia e confirma que o prezo de licitación do Concello de Vigo está plenamente axustado a valores de mercado.




CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

Así, o prezo medio dos contratos de SAF para os concellos da poboación de Vigo sitúase actualmente en 20,58€/h; sendo o prezo medio dos contratos externalizados adxudicados na provincia de Pontevedra de 20,19€/h.

Prezo medio contratos externalizados
(Tramos de Poboación)




Sinala tamén ese informe da FEGAMP (páx. 10) que:

“Os informes económicos dos 22 contratos que están no ano 2025 en tramitación suxiren que nos vindeiros anos os prezos seguirán subindo. A media destes estudos sitúase en 23,66 euros/hora, que van dende os 21,54 aos 28,58 Euros por hora.

Noutros 16 concellos xa se materializou a adxudicación do contrato, onde a media sitúase nos 22,75 euros/hora, que va dende os 19,50 aos 24,69 €/Hora”.

Prezo medio contratos externalizados
(Provincias)



2) *Foron considerados e tidos en conta, obviamente, os custes laborais derivados da aplicación do “Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia” (DOG nº 31, do 16.02.2010) e os posibles incrementos que se produzan durante a vixencia prevista do contrato.*

3) *Por último, para a determinación do prezo e do prezo/hora deste contrato aplícase o propio coñecemento que ten o Servizo de Benestar Social do custe real dun servizo ás persoas que está a ser prestado de forma ininterrumpida polo Concello de Vigo desde hai máis de 15 anos, das súas vicisitudes e, especialmente, do impacto que no mesmo tivo a evolución do IPC nos últimos anos.*

Por outra banda, como xa se indicou anteriormente, os custes laborais desagregados e con desglose de xénero e categoría profesional están perfectamente detallados na relación anexada (Anexo I PPT) e os custes indirectos e o beneficio industrial son unha mera estimación. Para maior información dos licitadores incluíronse tamén en Anexo II ó PPT os acordos de empresa relativos ó Servizo.

CUESTIÓN 3ª: *“En conclusión el órgano de contratación incumple los artículos 100,101 y 102 de la LCSP. Por lo que el desajuste económico que puede producir en la prestación del servicio conllevaría a que la empresa adjudataria tenga que sacrificar su beneficio industrial e incluso endeudarse para garantizar las condiciones laborales y es obligación del órgano de contratación velar por que se cumpla la normativa laboral, velando por rechazar ofertas anormalmente bajas, y garantizando el cumplimiento de las condiciones laborales salariales una vez adjudicado el contrato”.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

RESPOSTA: as conclusións do recorrente non se fundamentan en ningunha proba ou dato real, resultando en todo caso rebatidas cos datos do propio procedemento licitatorio. O certo é que o prezo deste novo contrato aumenta en case oito (8) millóns de euros (7.885.200,37€) en relación co actual e que o prezo unitario increméntase un 48,35% a respecto do contrato vixente. A día de hoxe, o Concello de Vigo aboa ó contratista a razón de 16,69€/hora e o prezo unitario tomado para o novo prezo de licitación é de 24,76€. Excluindo os custes laborais, que son fixos, quedaría máis do 30% do prezo para atender os custes indirectos e o beneficio industrial; marxe máis que suficiente para que se presenten ofertas á baixa sen necesidade de sacrificar ou comprometer o beneficio industrial das empresas.

CUESTIÓN 4ª: “Atendiendo a todas estas argumentaciones, consideramos imposible el cumplimiento para el adjudicatario prestar los servicios que se pretenden contratar cumpliendo las obligaciones laborales básicas, lo que repercute en los consiguientes incumplimientos laborales con la plantilla que presta sus servicios”.

RESPOSTA: polo que se xustificou anteriormente, o prezo do contrato fixado polo Concello de Vigo para a licitación do SAF, que é de 49.507.367,25 €, IVE incl., fronte os 41.622.166,88 €, IVE incl., do contrato actual, resulta suficiente para facer fronte ós custes salariais actualizados do persoal adscrito ó servizo segundo o Convenio colectivo aplicable e ós demais conceptos integrantes do mesmo e axeitado para prestar ás persoas usuarias o número total de horas previstas de SAF: 1.999.296 horas (= 666.432 horas/ano x 3 anos).

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación das alegacións do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusións

Á vista do exposto ao longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos

alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento, senón que se deixe esta sen efecto. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(371).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1902/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez